

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 30 DE DECEMBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 30 de decembro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 23 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste ao punto 11a)
D^a. Rosa Otero Malvárez, vogal suplente da xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local (asiste aos puntos 9a e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (23.073-332)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa que se presentou a este procedemento un único licitador, GASÓLEOS AMIGO, S.L., segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con el. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	0,56%



Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polo licitador.

Compróbase na sesión que a oferta do único licitador presentado non está incurso en presunción de anormalidade.

En cumprimento do previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP "Para a valoración deste criterio as ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adxudicataria a que oferte unha maior porcentaxe de desconto do prezo de referencia do gasóleo (PR)", polo que a orde na que queda clasificada a oferta é a seguinte:

	Licitador	Redución do prezo
1	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	0,56%

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Así mesmo, lembra que con data do 9 de decembro de 2019 a Mesa acordou conceder un prazo de 3 días aos seguinte licitadores para que puidesen asinar correctamente as súas proposicións avaliadas a través de fórmula: UTE IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. - BEPROJECT CONSULTORÍA DE FORMACIÓN Y EMPLEO S.L. (lote 8) e UTE ASESORÍA ESTUDIO EMPRENDEDOR, S.L. - Da. YOLANDA MARÍA SANTOS PÉREZ (lote 5). Ambos os dous licitadores emendaron correctamente as súas proposicións.

Entrégase a continuación o informe asinado pola xefa de Desenvolvemento Local e Emprego o 23 de decembro de 2019 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (23.073-332)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, acórdase, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 12:40	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A347-EBEDAF-29893H-5NM56R-RHU9EN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (23.073-332) na seguinte orde decrecente:

	Licitador	Redución do prezo
1	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	0,56%

Segundo.- Requiritivo ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B-36.736.049), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao non estar inscrito nun rexistro contratistas.:

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- (“deberá ser distribuidor autorizado para subministro de combustibles, segundo Organismos Oficiais competentes e estar inscrito no Rexistro de distribuidores de produtos petrolíferos correspondente”). Non será necesario que acredite a solvencia técnica ao tela presentado coa súa proposición, pero si a solvencia económica conforme ao esixido na cláusula 8.5.3º do PCAP (“por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito”).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (16.574-77)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (16.574-77) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 12:40	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A347-EBEDAF-29893H-5NM56R-RHU9EN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PUNTUACIÓNS FINAIS DEFINITIVAS					
Lote	Empresas licitadoras	SOBRE B	SOBRE C: PREZO	SOBRE C: EXPERIENCIA	TOTAL
Lote 1	CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.	9	49	20	78,00
Lote 2	GRUPO AVANTFOR, S.L.	18	49	0	67,00
Lote 3	CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA	20	46,19	26	92,19
	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.	19	45,04	26	90,04
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	13	49	26	88,00
	CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	15	33,67	21	69,67
	CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.	9	28,24	21	58,24
Lote 4	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.	20	49	26	95,00
	CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.	9	46,6	21	76,60
Lote 5	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.	20	47,85	26	93,85
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	12	49	25	86,00
	ESTUDIOS MEGA, S.L.	12	47,01	19	78,01
	CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	16	35,31	19	70,31
	UTE: ASESORÍA ESTUDIO EMPRENDEDOR, S.L. E YOLANDA MARÍA SANTOS PEREZ	6	44,47	6	56,47
	CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.	9	27	18	54,00
Lote 6	MOBA SKILL TRAINING, S.L.	15	49	16	80,00
	GRUPO AVANTFOR, S.L.	18	28,15	0	46,15
Lote 7	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.	20	49	26	95,00
	CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.	9	27,18	17	53,18
Lote 8	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	15	49	22	86,00
	UTE: BEPROJECT CONSULTORÍA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. E IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO	15	45,49	16	76,49
	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	17	27,69	18	62,69

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CENTRO FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1), GRUPO AVANTFOR, S.L. (lote 2), CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (lote 3), MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U (lotes 4, 5 e 7), MOBA SKILL TRAINING, S.L. (lote 6) e G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, SL. (lote 8), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21/22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- (“*inscripción no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Xunta de Galicia conforme ao Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o sistema de formación profesional para o emprego*”).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Reparacións de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización” (275-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 12:40	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A347-EBEDAF-29893H-5NM56R-RHU9EN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Reparacións de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización” (275-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “REPARACIÓNS DE FILTRACIÓNS NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA AREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MAQUINA DE CLIMATIZACIÓN” redactado polo Arquitecto Técnico D. Carlos Urdampilleta Barreiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS NOVENTA MIL DOUSCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (490.285,89 EUROS) de data febreiro de 2019 e con sinatura dixital de data 13.02.2019.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 17.10.2019.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CATROCENTOS NOVENTA MIL DOUSCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS” (490.285,89 EUROS) sendo o importe correspondente ao IVE de 85.090,94 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria “9330.632.00.00” (Investimentos de mellora no patrimonio municipal), de acordo coas seguintes anualidades:

2019: 340.285,89 euros

2020: 150.000,00 euros

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de decembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras e o enxeñeiro de Camións



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 12:40	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A347-EBEDAF-29893H-5NM56R-RHU9EN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 19 de decembro de 2019.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparacións de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización" (275-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORECO, S.A.	94,99
2	PRACE	94,18

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., o día 26 de decembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 27 de decembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de decembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 12:40	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A347-EBEDAF-29893H-5NM56R-RHU9EN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 13 e 20 de decembro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 19 de decembro de 2019.*
2. *Adxudicar a ORECO, S.A. (A-36.614.691) o procedemento aberto para a contratación das obras de “Reparacións de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización” (275-441) por un prezo total de 390.118,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 67.706,45 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 12:40	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A347-EBEDAF-29893H-5NM56R-RHU9EN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		